

TRAXECTORIA DAVIDE SALVADO

Davide Salvado é sen dúbida unha das voces mais carismáticas do noso país.

De formación autodidacta, leva media vida percorrendo aldeas en busca de ritmos, coplas e danzas, de todas esas mulleres que foi atopando, aprendeu non só a tradición na música senon tamén do seu modo de vivir.

O amor pola tradición, por Galicia, pola cultura e o grandísimo respecto pola nosa terra fan da maneira de entender o canto de Davide moito mais que simplemente música.

En 2003 comezou a formar parte do grupo Eclética Ensemble, xunto a Ugía Pedreira, Ramón Pinheiro e Richard Rivera. Pouco despois, uniuse como cantante e percusionista á banda de Budiño, coa que xirou por escenarios de medio mundo.

A súa versatilidade permitiulle achegarse a xéneros como o Cabaré ou o teatro. Canda a Pepa Yáñez formou a compañía Cabaret d´Aquí, coa que levaron a cabo espectáculos como Unha noite no muíño non é nada ou O negro vai con todo, xunto a Nacho Muñoz. No mundo do teatro participou na obra As Dunas, do Centro Dramático Galego, e no musical Dillei de Carlos Blanco.

Davide colaborou ademais en varios traballos discográficos, entre outros, Galiza de Kepa Junkera o Sing me Home de Yo-Yo Ma & Silk Road Ensemble, gañador do GRAMMY 2017 a Best World Music Album.

Recibiu o premio Martín Códax na categoría de música tradicional galega en 2014 e 2017.

En 2011 editou o seu 11 traballo en solitario, "Árnica Pura", producido por Eliseo Parra, que esgotou 4 edicións.

En 2014 presentou "Ladrón de Amorodos" un espectáculo a trío con Santi Cribeiro (Berrogüetto) e percusionista e gaiteiro Cristian Silva. Espectáculo co que foi elixido polo xurado internacional de WOMEX 2014, grazas o que conseguiu gran presenza en medios especializados internacionais da world music, onde faláron del como un dos grandes descubrimentos de 2014.

En 2015 editou o disco "Rústica", un proxecto moi especial e efémero xunto con Cristina Pato, Anxo Pintos e Roberto Comesa.

Tamén en 2015 editou o seu disco "Lobos" producido por Pedro Pascual (Talabarte, Marful), un disco inspirado pola cultura tradicional necesaria e o mesmo tempo maltratada, a imaxe dunha Galicia pura e salvaxe. Un disco onde se fai un agradecemento especial a todas esas pandereteiras e bailadoras maiores, mulleres fortes e anónimas, que ensinaron a Davide a ser o que é. Así tamén, neste disco aparecen o arte dos lobos de Davide, así como o arte de Isaac Díaz Pardo para Sargadelos, ata os que cantan e se converten en homes.....ou o revés.

“PERMITA DEUS”

Habitualmente asociamos a música que emana da terra a lugares que nos son comúns e facilmente recoñecibles: o mundo rural, a tradición, o feminino... E se cadra esta visión simplificada do que supón a música galega de raíz non se afasta moito da realidade. Pero tamén hai outras realidades e o rural, aínda que inspirador, por veces non é tan romántico e idílico como o concibimos, a tradición non é unicamente festa e o poder feminino abrolla en música e emocións porque é unha das formas de traducir a dor. E son estoutas realidades as que levan a Davide Salvado nun momento determinado do seu camiño a pararse e darse un tempo de reflexión, de introspección, de análise.

Desta catarse íntima sae Permita Deus, un proxecto concibido coma un acto de fe no patrimonio. Acompañando a voz de Davide, súmanse tamén ás súas percusións o violín de Cibrán Seixo e a guitarra eléctrica de Antonio Casado para convidarnos a un recollemento sonoro con forma de concerto e fondo de acto espiritual. Permita Deus percorre un catálogo moi persoal de cancións que quere facer ao espectador partícipe da intimidade dunha atmosfera creada por un son preciosista, un pouco meditativo, lento. Atmosfera da que, inevitablemente, acabaremos tamén formando parte.